



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 309

VIII legislatura

9 de setembro de 2010

Fascículo 3

SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

1.Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxectos e Proposición de lei

1.2.1. Proxectos de lei

Proxecto de lei polo que se inclúe unha disposición transitoria sexta na Lei 10/2009, do 30 de decembro, de modificación do Decreto legislativo 1/2005, do 10 de marzo, polo que se aproba o texto refundido das leis 7/1985, do 17 de xullo, e 4/1996, do 31 de maio, de caixas de aforros de Galicia (doc. núm. 47272)

[88149](#)

1.Procedementos de natureza normativa**1.2. Proxectos e Proposición de lei****1.2.1. Proxectos de lei**

Proxecto de lei polo que se inclúe unha disposición transitoria sexta na Lei 10/2009, do 30 de decembro, de modificación do Decreto legislativo 1/2005, do 10 de marzo, polo que se aproba o texto refundido das leis 7/1985, do 17 de xullo, e 4/1996, do 31 de maio, de caixas de aforros de Galicia (doc. núm. 47272)

Ordénase a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* do Proxecto de lei polo que se inclúe unha disposición transitoria sexta na Lei 10/2009, do 30 de decembro, de modificación do Decreto legislativo 1/2005, do 10 de marzo, polo que se aproba o texto refundido das leis 7/1985, do 17 de xullo, e 4/1996, do 31 de maio, de caixas de aforros de Galicia.

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2010

Pilar Rojo Noguera

Presidenta



XUNTA DE GALICIA



CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



XACOBEO 2010
Galicia

RS/mv



Para a súa tramitación polo Parlamento de Galicia polo procedemento de lectura única ao que se refire o artigo 134 do Regulamento da Cámara e, no seu caso, polo procedemento de urxencia do artigo 98.1 do mesmo Regulamento, achégolle o **"Proxecto de lei polo que se inclúe unha disposición transitoria sexta na Lei 10/2009, do 30 de decembro, de modificación do Decreto legislativo 1/2005, do 10 de marzo, polo que se aproba o texto refundido das Leis 7/1985, do 17 de xullo, e 4/1996, do 31 de maio, de caixas de aforros de Galicia"**, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 2 de setembro de 2010.

Asemade achégase a certificación expedida polo secretario do Consello co Visto e Prace do Sr. Presidente da Xunta de Galicia, así como os documentos aos que se refire o artigo 111 do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

ALFONSO RUEDA VALENZUELA, CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E SECRETARIO DO
CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA

CERTIFICO :

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dous de setembro de
dous mil dez adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:


*“Aprobar o Proxecto de lei polo que se inclúe unha disposición transitoria sexta
na Lei 10/2009, do 30 de decembro, de modificación do Decreto legislativo
1/2005, do 10 de marzo, polo que se aproba o texto refundido das leis 7/1985, do
17 de xullo, e 4/1996, do 31 de maio, de caixas de aforros de Galicia, coa
solicitude da súa tramitación en lectura única, de conformidade co disposto no
artigo 134 do Regulamento da Cámara e de ser o caso polo procedemento de
urxencia establecido no artigo 98.1 do devandito Regulamento”.*

E para que conste asino esta certificación, co visto e prace do Sr. Presidente,
en Santiago de Compostela o dous de setembro de dous mil dez.

Vº e Prace
O PRESIDENTE





 Proxecto de lei pola que se inclúe unha disposición transitoria sexta na Lei 10/2009, do 30 de decembro, de modificación do Decreto lexislativo 1/2005, do 10 de marzo, polo que se aproba o texto refundido das leis 7/1985, do 17 de xullo, e 4/1996, do 31 de maio, de caixas de aforros de Galicia.





EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No BOE do 13 de xullo de 2010 foi publicado o Real Decreto-lei 11/2010, do 9 de xullo, de órganos de goberno e outros aspectos do réxime xurídico das Caixas de Aforros. Posteriormente foi convalidado polo Congreso dos Deputados con data do 21 de xullo.

A nova norma modifica importantes aspectos na regulación das caixas de aforros, dende as posibilidades xurídicas de actuación, ate a composición dos seus recursos propios ou o referente a composición e funcionamento dos órganos de goberno.

Nas súas disposicións transitorias establece a adaptación a estas novas normas, incluíndo, na súa Disposición Transitoria Cuarta, a obriga da constitución nun prazo determinado dos novos órganos de goberno das caixas segundo as normas contidas neste Real Decreto-lei. Xa que logo, a norma non regula o xeito en como se realizará esta adaptación nas entidades que poidan verse inmersas en procesos de fusión. Ante a lagoa legal da norma básica, corresponde á lexislación autonómica o desenvolvemento e o establecemento das condicións e características dos períodos transitorios que necesariamente se xeran.

Ante o inminente proceso de reordenación financeiro que se está a dar, resulta urxente a determinación destas condicións do período transitorio. En tal contexto, resulta oportuno adiantalas á obrigada adaptación da norma autonómica ás novas disposicións básicas estatais, que debe darse nos próximos seis meses, e que pola súa maior folgura temporal necesitará dunha discusión competencial máis complexa e repousada.

Deste xeito, esta Lei introduce unha disposición transitoria sexta na Lei 10/2009, do 30 de decembro, de modificación do decreto legislativo 1/2005, do 10 de marzo, polo que se aproba o texto refundido das leis de caixas de aforros de Galicia, establecendo -para o caso de que o Consello da Xunta autorice antes do 1 de decembro de 2010 a fusión entre as caixas de aforros galegas- o réxime xurídico aplicable durante tres anos, coa posibilidade de continuar os mesmos membros dos órganos de goberno, ó tempo que se regula a composición dos da nova entidade que poida crearse, o que permitirá dotar da máxima seguridade xurídica ó proceso de integración que se autorice.



Artigo Único.- Modificación da Lei 10/2009, do 30 de decembro, de modificación do decreto legislativo 1/2005, do 10 de marzo, polo que se aproba o texto refundido das leis 7/1985, do 17 de xullo, e 4/1996, do 31 de maio, de caixas de aforros de Galicia

Introdúcese unha nova Disposición Transitoria Sexta na Lei 10/2009, do 30 de decembro, de modificación do decreto legislativo 1/2005, do 10 de marzo, polo que se aproba o texto refundido das leis 7/1985, do 17 de xullo, e 4/1996, do 31 de maio, de caixas de aforros de Galicia.

Disposición transitoria sexta.- Normas especiais aplicables durante o período transitorio no proceso de fusión entre as caixas de aforros con domicilio social en Galicia.

1.- Normas aplicables durante o período transitorio.

Para o suposto de que antes do 1 de decembro de 2010 fose autorizada polo Consello da Xunta a fusión entre as caixas de aforros galegas, aplicarase durante o prazo de tres anos desde a inscrición no Rexistro Mercantil da nova entidade o seguinte:


- a) Poderán continuar nos seus cargos durante todo o período transitorio aqueles membros que formasen parte dos órganos de goberno das entidades fusionadas no momento do outorgamento da autorización da fusión e se incorporasen ós da nova entidade, considerando a limitación do período máximo de tres anos previsto na Disposición Transitoria Sexta do Real Decreto-Lei 11/2010, do 9 de xullo.
- b) Os órganos de goberno da nova entidade deberán ter unha composición paritaria, formados a partes iguais por cargos provenientes de cada unha das entidades fusionadas. O número de membros de cada órgano de goberno durante este período serán os seguintes:
 - Asemblea xeral: máximo de 320 conselleiros xerais.
 - Consello de administración: 22 vocais.
 - Comisión de control: 10 vocais.



- c) Asistirá ás reunións da comisión de control, con voz e sen voto, un representante da Consellería competente en materia de política financeira, elixido entre persoas con capacidade e preparación técnica adecuada.
- d) As comisións de “obra social”, “investimentos” e “retribucións e nomeamentos” poderán estar formadas por un máximo de ata seis membros.

2.- Normas aplicables á finalización do período transitorio


Durante os últimos meses do período transitorio, a nova caixa de aforros deberá realizar todos os trámites necesarios para a constitución dos órganos de goberno definitivos á finalización do período transitorio de tres anos, aplicándose ó efecto as normas legais e regulamentarias que estean vixentes nese momento.





Disposición Derrogatoria

Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan á presente lei.





Disposición Final.- Entrada en vigor

Esta Lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.



Alfonso Rueda Valenzuela
Conselleiro de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

ESTRUTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
 - 1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
 - 1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
 - 1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS
 2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
 - 2.1 INVESTIDURA
 - 2.2 MOCIÓN DE CENSURA
 - 2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA
 3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
 - 3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
 - 3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
 - 3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
 - 3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
 - 3.5 MOCIÓNS
 - 3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
 - 3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
 - 3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
 - 3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
 - 3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO
 4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
 - 4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
 - 4.2 INTERPELACIÓNS
 - 4.3 PREGUNTAS
 - 4.4 RESPOSTAS A PREGUNTAS
 - 4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS
 5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 - 5.1 SOLICITUDE AO GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
 - 5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
 - 5.3 VALEDOR DO POBO
 - 5.4 CONSELLO DE CONTAS
 - 5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 6. ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 - 6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
 - 6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
 - 6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
 - 6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
 - 6.5 VOGAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
 - 6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
 - 6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
 - 6.8 VOGAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
 - 6.9 VOGAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
 - 6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
 - 6.11 OUTRAS ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
 - 7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
 - 7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
 - 7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO
 8. ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 - 8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS
 - 8.2 PERSOAL
 - 8.3 ACTIVIDADES DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
 - 9.1 INFORMACIÓNS
 - 9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS
-



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727